

CONTIDOS MÍNIMOS EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA. 4º ESO. CURSO 2015-2016.

CUESTIÓNS DA UNIDADE 1

1. Por que se pode dicir que o ser humano é un ser social por natureza?
2. Cales son os factores que determinan a nosa autoimaxe e en que consisten
3. Estamos “condenados” a ser libres e a ser morais? Por que?
4. Definición e relación entre liberdade e responsabilidade.
5. Axentes e mecanismos de socialización.
6. Que son os valores morais?
7. Autonomía moral e reflexión ética.
8. Cales son os argumentos (falaces) que ofrecen os egoístas para xustificar os seu comportamento? Que é unha falacia?
9. Diferencia entre *imperativo hipotético* e *imperativo categórico*.
10. Diferencia entre unha “razón” e unha “opinión”.
11. Por que cambian os valores morais?
12. Son todos os valores e normas morais relativas? Que son os universais culturais Podes citar algún.
13. É a moral unha cuestión de preferencias subxectivas ou de actitudes intersubxectivas?
14. O respecto como base da moralidade.
15. Esquema dos distintos tipos de movementos e pautas que determinan a consideración dun acto como moral.
16. Estadios de Kohlberg (en pregunta práctica).

CUESTIÓNS DA UNIDADE 2

17. Cales son as teorías filosóficas que cuestionan a posibilidade dunha ética con valor universal? Cítaas e indica cales son os seus puntos de vista.
18. Cales son as diferencias entre os sofistas e Sócrates. Cita unha frase propia dos relativistas e indica cal era o “método socrático”.
19. Cales son as dúas grandes tendencias éticas que defenden a posibilidade duns valores éticos universais? Explica brevemente os seus puntos de vista. En qué base común encontran esa posibilidade.
20. Elabora unha breve disertación na que defendas razoadamente a túa postura ética e critiques as outras (lembra o traballo que presentastes sobre ese asunto).
21. Cales son os antecedentes da Declaración Universal dos Dereitos Humanos?
22. Cales son os fundamentos dos Dereitos Humanos?
23. Desenvolve o apartado referido ás “tres xeracións dos Dereitos Humanos”.
24. Cales son as tres xustificacións éticas dos Dereitos Humanos. Explicaas.
25. Cales son os dous problemas que xera o actual sistema económico (o sistema capitalista)?
26. Que á a “violencia estrutural”?
27. Como definirías a *xustiza*?
28. Cales son os dous tipos de solucións ou modos para afrontar a desigualdade?

CUESTIÓNS DA UNIDADE 3

29. Tivo sempre o termo “cidadán” o mesmo significado? A quen designaba nun primeiro momento? Cales foron os catro factores que provocaron que ese concepto se ampliase a todas as persoas que conforman a sociedade?
30. “Sen Estado non hai cidadanía nin dereitos. Pero tampouco habería cidadanía sen mobilizacións políticas e sociais” Explica esa frase.
31. Cal é a teoría que trata de explicar a orixe do Estado e a súa lexitimidade? Explicaa.

32. Que é un *Estado de dereito*?
33. En que tres poderes se dividen as institucións políticas nunha democracia? Cales son as súas funcións? Quen se referiu por primeira vez a esa división?
34. A democracia aséntase en dous principios básicos: liberdade e igualdade de todos os individuos. Sen embargo téñense presentado dous tipos de críticas respecto ao pleno cumprimento desas dúas condicións nas democracias actuais. Que dous tipos de críticas son? Explícaas.
35. Sobre as páxinas 60-65, preguntas de V ou F.

CUESTIÓNS DA UNIDADE 4

36. Cales son as causas que explican o feito da inxusta situación de desigualdade actual da muller?
37. Contesta: a) Cales son os tres primeiros artigos da Convención sobre Dereitos Políticos da Muller, aprobada na ONU en 1952? b) Que outros documentos referidos aos dereitos da muller foron aprobados pola ONU? c) Cando se celebra o Día da Muller Traballadora?
38. Que é o feminismo: definición, obxectivos, nova concepción do mundo.
39. Que é o sexismo?
40. Que tres tipos básicos de discriminación sofren as mulleres? Explícaas.
41. Que formas de violencia sofren as mulleres? Explícaas.
42. Que é e cal é o obxectivo da “discriminación positiva”
43. Texto para comentar/reflexionar: a) fragmento da entrevista á presidenta de Alecrín; b) fragmento do “ethos da ...” coa cita “o persoal é político”.

CUESTIÓNS DA UNIDADE 5

44. Cales son as dúas consecuencias demográficas máis salientables neste mundo económico globalizado? A que se lle chama “poboación flotante”? Que problemas carrega?
45. Defíne e diferencia entre “etnocentrismo” e “relativismo cultural”?
46. Que dúas posturas promove e defende o pluralismo cultural?
47. Cales son os principios do *multiculturalismo*?
48. Cales son os principios do *interculturalismo*?
49. Cales son os principios do cosmopolitismo?

CUESTIÓNS DA UNIDADE 6

50. Características da “globalización” ou “mundialización” .
51. Definición e consecuencias do “desregulamento”.
52. Que se entende por “fin do Estado-nación”?
53. Cuestións éticas que se plantexan no proceso de globalización?

NOTA: As respostas ás cuestións aquí presentadas están desenvolvidas no libro de texto que se usou como referencia básica ao longo do curso. O exame consistirá en responder a un conxunto de dez preguntas de entre as que se acaban de indicar.

GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR

PARA FILOSOFÍA 1ºBACHARELATO. CURSO 2015-2016.

- O saber filosófico fronte a outros saberes. A orixe da filosofía. O saber filosófico e as súas características diferenciadoras. A filosofía e a súa historia; épocas antiga, medieval, moderna e contemporánea.
- Coñecemento, Ciencia e tecnoloxía. O coñecemento humano. Teorías filosóficas do coñecemento e límites do mesmo. O problema da verdade.
- Metafísica e concepcións filosófico-científicas sobre a realidade.

Explicación metafísica sobre a realidade: antecedentes, orixe definición e significado. Obxeccións críticas. Posturas ante a existencia de Deus.

- Concepcións filosóficas acerca do ser humano. A teoría da evolución e a súa aplicación ó ser humano. A dialéctica natureza cultura no proceso antropoxénico.
- A ética: fundamentos antropolóxicos, retos actuais e principais teorías. A ética como reflexión sobre a acción moral. As teorías éticas.
- A política: sociedade, poder, lexitimación, estado democrático e cidadanía global. Principais teorías políticas. O pensamento utópico.
- A dimensión simbólica e estética do ser humano: A filosofía e as artes.
- Dimensión lingüística do ser humano e filosofía da linguaxe. A lóxica proposicional. Teorías sobre a orixe da linguaxe. Relacións linguaxe – pensamento. Linguaxe común e linguaxe formal.

Como criterios de avaliación, valorarase na corrección do exercicio: a) claridade expositiva; b) madurez e precisión na utilización dos termos filosóficos; c) exposicións completas e coherentes; d) capacidade de relación; e) capacidade para citar autores e correntes filosóficas.

Contidos mínimos Historia da Filosofía 2º Bacharelato.

Seguindo as indicacións da CIUG desenvolveremos os seguintes TÓPICOS:

1. **Platón:** a teoría platónica das Ideas; a teoría do coñecemento en Platón; antropoloxía platónica; teoría da natureza: o cosmos platónico; a ética platónica: a virtude e a purificación da alma; a política: clases sociais e formas de goberno.
2. **Aristóteles:** un novo enfoque filosófico fronte ao platonismo; teoría da natureza: hilemorfismo e explicación do cambio; a antropoloxía aristotélica; a ética: a virtude e a felicidade; a política: orixe da sociedade e formas de goberno.
3. **Agostiño de Hipona:** o problema de razón e fe.
4. **Tomé de Aquino:** o aristolelismo en Tomé de Aquino; o problema da razón e fe; a lei: lei eterna, lei natural e lei positiva.
5. **Descartes:** o problema do método e o proxecto cartesiano; a dúbida metódica e a primeira verdade: o cogito; existencia de Deus e veracidade divina; teoría da substancia: substancia pensante e extensa.
6. **Kant:** Contexto do pensamento ilustrado ; o formalismo moral, o idealismo transcendental de Kant; a crítica da razón como síntese de racionalismo e empirismo

Contidos mínimos Ética e Filosofía do dereito 2º Bacharelato.

1. Da natureza á convención.

- 1.5. Déficit instintivo, liberdade e socialidade.
- 1.6. Construcción cultural de valores e normas morais.
- 1.7. Procesos de socialización e reprodución de normas e valores morais.
- 1.8. Códigos morais e reflexión ética.

2: Relativismo e moralidade.

- 2.1. Relatividade histórico-cultural das normas e valores morais.
- 2.2. A dobre perspectiva: etic/emic.
- 2.3. Lexitimación e variantes da mesma: relixiosa, naturalista, contractual.
- 2.4. O problema do etnocentrismo.

3: A racionalidade moral.

- 3.1. Conflictos de valores.
- 3.2. Enunciados descritivos e valorativos. *A falacia naturalista.*
- 3.3. Limitacións e insuficiencias da racionalidade científico-técnica.

4: Da heteronomía á autonomía moral.

- 4.1. Xénese e desenvolvemento da conciencia moral.
- 4.2. Estadios de desenvolvemento moral: da heteronomía á autonomía.
- 4.3. Evolución da capacidade de integración social e afectiva.
- 4.4. Evolución do razoamento moral: universalismo e formalismo.

5: Racionalidade moral e intersubxectividade.

- 5.1. As limitacións da razón: falibilidade e factores de distorsión.
- 5.2. Do formalismo ó procedementalismo.
- 5.3. O diálogo argumentativo como procedemento moral.
- 5.4. As condicións ideais de diálogo como canon regulativo para a contextualización da racionalidade moral.